



Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o concello de Lugo e a empresa Autobuses Urbanos de Lugo, S.A., como concesionaria do transporte urbano municipal, para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas ás mesmas na Área de Transporte Metropolitano de Lugo.

1.121

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2012

REUNIDOS

D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, en nome e representación da Consellería.

D. José Clemente López Orozco, alcalde do Concello de Lugo, en nome e representación do referido Concello.

D. Raúl José López López, provisto de DNI número 33.803.327 C, actuando en nome e representación da empresa Autobuses Urbanos de Lugo, S.A, en virtude do acordo adoptado con data do 18 de xaneiro de 2008 na xunta xeral e extraordinaria de accionistas, na que se acordou a súa designación como conselleiro delegado e se lle delegaron as facultades que correspondan legal e estatutariamente ao Consello de Administración, tal e como se reflicte na escritura notarial de elevación a público de acordos sociais da entidade Autobuses Urbanos de Lugo, S.A., outorgada ante o notario José A. Caneda Goyanes.

Os reunidos recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

1.- Con data do 29 de decembro asinouse un Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Lugo, coa finalidade de afondar en actuacións que melloren a calidade e competitividade do transporte público, dada a positiva acollida dos precedentes anteriores por parte dos usuarios das ATM xa implantadas. Este maior desenvolvemento require igualmente dun esforzo máis xeneroso por parte das Administracións asinantes, así como dunha vontade de coordinación que, entre outras actuacións, supoña avances na integración das diferentes redes de transporte público considerando a Área de transporte metropolitano como un todo integrado.

O novo Plan de Transporte Metropolitano da área de Lugo contén de xeito detallado todas as prescricións técnicas a desenvolver na área, de modo que a través do devandito convenio as partes asinantes declaran o seu acordo de vontades na implementación e desenvolvemento do mesmo. De xeito xenérico, as administracións participantes pretenden





potenciar de forma específica a utilización do transporte público colectivo, e, especialmente, a introdución de medidas de discriminación positiva en favor do transporte público colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

2.- Un dos eixes de actuación prioritarios contidos no convenio de colaboración asinado é o da política tarifaria, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe aos usuarios. O cumprimento deses obxectivos artículase a través da implantación dun sistema zonal, a introdución de medios de pagamento multimodais e a fixación dunhas tarifas que introducen bonificacións á vez que despenalizan o transbordo.

A implantación do sistema tarifario require o desenvolvemento dunha tecnoloxía importante orientada ao cobramento electrónico mediante tarxetas de transporte integradas, en colaboración coas entidades financeiras vinculadas ao Plan. Destácase así mesmo a importancia do Sistema de Información do Transporte Metropolitano (SITME). Trátase dun sistema de titularidade pública para a transmisión e o tratamento da información, no que os operadores do transporte remiten directamente a información á Xunta de Galicia a través do mesmo. Unha vez recibidos os datos, acúsalles recibo das colectas enviadas e procesadas e remite á entidade financeira correspondente a información relativa ás operacións financeiras para o seu aboamento.

3.- No Convenio polo que se crea a área de transporte metropolitano de Lugo regúlase que o establecemento das medidas de compensación requirirá a previa formalización de contratos - programa coas empresas prestatarias dos servizos, ou do seu establecemento mediante outras figuras admitidas en dereito, entre as que se atopan os convenios de colaboración.

4.- A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 14.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, órgano da Administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos e interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público. O artigo 19 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (LOTT) prevé a posibilidade de establecemento de tarifas a cargo do usuario máis baixas das que resultarían da aplicación das previsións xerais da Lei, establecéndose un réxime especial de compensación económica ou doutras fórmulas de apoio ás correspondentes empresas por parte das Administracións afectadas ou interesadas.

5.- O concello de Lugo ten as competencias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na demais normativa estatal e autonómica de aplicación.

6.- A empresa Autobuses Urbanos de Lugo, S.A. é a concesionaria da prestación do servizo de transporte urbano en virtude do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión





ordinaria o 2 de febreiro de 1998, en virtude do que se aprobou unha prórroga do convenio regulador da concesión urbana ata o ano 2013.

7.- O presente Convenio de Colaboración constitúe un mecanismo axeitado para a fixación das condicións do sistema de compensación tarifaria e as obrigas das partes derivadas da integración do transporte urbano da cidade de Lugo no novo sistema de transporte metropolitano, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto determinar o sistema de compensación tarifaria e as obrigas das partes derivadas da integración do transporte urbano da cidade de Lugo no novo sistema de transporte metropolitano.

SEGUNDA.- DEFINICIÓNS BÁSICAS

Coa finalidade de homoxeneizar conceptos e facilitar a implantación dun sistema de compensación común establécense as seguintes definicións:

Tarxetas de pago integradas: medio de pagamento que, con independencia do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte, debendo establecerse o sistema de compensacións entre as diferentes administracións en virtude dos acordos reflectidos en diferentes convenios. A Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG) ou a Tarxeta Cidadá de Lugo son exemplos de tarxetas de pagamento integradas. Tamén terán esta consideración aquelas tarxetas equivalentes á Cidadá que, emitidas ou promovidas por outras Administracións, sexan incorporadas ao sistema de transporte metropolitano de Galicia. A Dirección Xeral de Mobilidade comunicará ao concello de Lugo a admisión de novas tarxetas no sistema de transporte metropolitano de Galicia, logo da súa homologación e da adopción dos correspondentes acordos administrativos. A comunicación efectuarase con anterioridade á posta en operativas desas tarxetas. Actualmente as partes manifestan coñecer como tarxetas integradas e plenamente operativas a TMG dual, a TMG con contactos (de cor laranxa, en proceso de substitución) e a Tarxeta Millenium do Concello da Coruña.

Viaxe urbana: desprazamento realizado por un usuario dentro da rede urbana. Pode estar constituído por unha ou varias etapas en base ás regras de transbordo fixadas polo servizo urbano. As compensacións da Xunta de Galicia respecto do servizo urbano realízanse por viaxes urbanos.

Viaxe interurbana: desprazamento realizado por un usuario cunha ou varias etapas en modos diferentes ao urbano. Unha viaxe urbana pode ou non formar parte dunha viaxe interurbana.





TERCEIRA.- SISTEMA DE COMPENSACIÓN

Co fin de regular o funcionamento das Tarxetas de Pagamento Integradas establécese o seguinte procedemento secuencial no proceso de liquidación tarifaria:

1. Cunha periodicidade quincenal o operador urbano cobra nun primeiro momento polos descontos realizados sobre as Tarxetas.
2. Cunha periodicidade mensual, contra a presentación dunha factura, o operador percibe as compensacións por parte da Xunta de Galicia ata acadar o nivel de compensación acordado.
3. Finalmente a Xunta cobra ao concello pola súa participación, cando corresponda, na bonificación interurbana.

CUARTA.- OBRIGAS DO OPERADOR URBANO

A empresa Autobuses Urbanos de Lugo, S.A. obrígase a remitir ao SITME a información diaria de tódalas cancelacións realizadas con Tarxetas de Pagamento Integradas que podan xerar compensacións entre administracións. Os datos serán remitidos de luns a venres laborables e referidos ao día ou período anterior desde a última colecta.

O non cumprimento da obriga determinará que a colecta non remitida en prazo será rexeitada polo sistema, coas consecuencias económicas previstas no acordo co Comité Galego de Transportes por Estrada de marzo de 2009. Non obstante, non se aplicará esta penalización no suposto no que a empresa Autobuses Urbanos de Lugo, S.A. se retrase en non máis de 7 días na remisión dos datos ao SITME, sempre que esta circunstancia non sexa reiterada.

A aceptación das tarxetas de pagamento integradas non afectan o réxime económico con que conte o concesionario urbano.

A compensación realízase por viaxe urbana sobre a base das regras de transbordo que aplique cada concesionario urbano e aos niveis do billete bonificado de uso xeral.

QUINTA.- SISTEMA DE PAGAMENTO AO OPERADOR

Con independencia da propiedade da Tarxeta de Pagamento Integrada, a entidade ou entidades financeiras propietarias ou que dan soporte á tarxeta procederán á transferencia ao operador polos saldos descontados na Tarxeta cunha periodicidade quincenal.

Os pagamentos das bonificacións realizaranse cunha periodicidade mensual nun prazo de cinco días dende que se produce a validación da última colecta e se remite a factura por parte do operador. Para o cálculo das bonificacións teranse en conta a remisión de colectas que diariamente remitirá o operador ao SITME. Unha vez procesadas as colectas no SITME, estas serán remitidas á entidade bancaria para o a súa validación. No caso de que non sexa validada a colecta, o operador debe corrixir os erros detectados. Mensualmente o operador remitirá factura á Xunta de Galicia (D.X. de Mobilidade) polo importe das colectas procesadas e aceptadas e a Xunta procederá ao seu aboamento.





A fórmula de funcionamento do sistema, mentres non se articule a política social, cara aos operadores urbanos será a seguinte:

Por Transbordos. Polas viaxes urbanas que forman parte dunha viaxe interurbana. Paga o produto entre o número de viaxes urbanas pagadas con Tarxetas de Pagamento Integradas e a tarifa de referencia (billete bonificado de uso xeral) menos o obtido nas colectas destes billetes.

$$CXU_{\text{TRANSBORDO TI}} = [V_{\text{TI}} \times \text{Precio Bonobús}] - [\text{Ingresos Coletas}]$$

Onde:

$CXU_{\text{TRANSBORDO TI}}$: Compensación efectuada pola Xunta de Galicia ao Urbano polas viaxes urbanas que resultan do transbordo dentro dunha viaxe interurbana e que foi pagado cunha Tarxeta Integrada.

V_{TI} : Viaxes con dereito a compensación da Xunta realizadas con Tarxetas de Pagamento Integradas. Unha viaxe urbana pode estar constituída por unha ou varias etapas sobre a base do tratamento do transbordo que dé o concello.

Prezo Bonobús: Prezo de referencia do Bonobús no urbano da cidade.

Ingresos Coletas: Ingresos percibidos nas cancelacións realizadas coa Tarxetas de Pagamento integradas diferentes á do urbano.

No caso de Lugo a tarifa de referencia é a do Bonobús Xeral e o prezo establecido actualmente é de 0,45 €. O concello de Lugo comprométese a dar traslado á Dirección Xeral de Mobilidade dos seus acordos de modificación desta tarifa no prazo máis breve posible e, en todo caso, cunha antelación de 7 días á súa aplicación.

A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación estarán sometidos ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas consonte coas Ordes de incrementos tarifarios, tomando como base para devandito efecto os incrementos experimentados polo IPC do sector transportes.

SEXTA.- OBRIGA DO CONCELLO

Unha vez calculadas as liquidacións co operador referidas nas estipulacións anteriores, a Xunta liquidará co concello pola súa participación na bonificación interurbana. Mensualmente a Xunta remitirá ao concello unha certificación xerada polo SITME das bonificacións no eido interurbano que deben ser asumidas polo concello. No prazo de 30 días dende a recepción da certificación, o concello debe facer efectivo o pagamento polo importe que figura na mesma.

SÉTIMA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a normal execución deste Convenio a Administración dispón de crédito orzamentario suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.512A.470.1. As administracións públicas comprométese a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda segundo o establecido no Convenio polo que se crea a área metropolitana de Lugo e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados pola Comisión de seguimento do convenio.



OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio subscríbese no marco do Convenio de Colaboración polo que se crea a área de transporte metropolitano da Coruña asinado o 29 de decembro de 2010, polo que, do mesmo xeito que se establece no devandito convenio, o presente Convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2015.

No suposto de que o Convenio de colaboración polo que se crea a área de transporte metropolitano da Lugo sexa prorrogado, o presente Convenio tamén se entenderá prorrogado, salvo denuncia expresa das partes, comunicada por escrito con 3 meses de antelación a que opere a devandita prórroga.

Á extinción do convenio de colaboración deixarán de ter aplicación a totalidade de previsións contidas no mesmo, debendo aterse a explotación dos servizos concesionais, de xeito estrito, ás vixentes previsións do propio título concesional.

O convenio de colaboración poderá ser obxecto de modificación ou novación obxectiva mediante acordo ao respecto das partes asinantes; en todo caso, a anterior existencia de concorrencia de vontades nin constituirá renuncia nin será limitativa das facultades ou potestades que á administración pública autonómica lle competen no exercicio de potestades públicas legal ou regulamentariamente establecidas.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente Convenio de Colaboración subscríbese no marco do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos de Lugo, Castro de Rei, Castroverde, Friol, Guntín, Corgo, Outeiro de Rei e Rábade para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Lugo.

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e no Título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ao presente Convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das Administracións Públicas, segundo o disposto no artigo 4 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA.- PUBLICACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, este Convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería. Asemade, será obxecto de







publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Este Convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento. Esténdese un exemplar por triplicado, no lugar e data arriba indicados

Pola Consellería de Medio Ambiente, Polo concello de Lugo
Territorio e Infraestruturas




Agustín Fernández Fernández de Rojas



José Clemente López Orozco



Por Autobuses Urbanos de Lugo, S.A.



AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, S.A.
A-11077223

Raúl José López López